

Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia

Última versión

O artigo 39 da Constitución española recolle a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da familia, a infancia e a adolescencia no título competencial xenérico de asistencia social (artigo 27.23).

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia foi pioneira a nivel estatal en establecer un marco de protección para a familia, pero a constante evolución social e a diversidade e complexidade de determinados núcleos de convivencia non identificados plenamente ata o momento co concepto de familia puxo de manifesto a necesidade de adaptar á realidade social existente os mecanismos de apoio á familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa.

Xorde así a actual Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que amplía considerablemente tanto o ámbito de aplicación como o nivel de protección xurídica, económica e social da familia e, en especial, daquelas familias cuxa vulnerabilidade demanda unha maior atención por parte dos poderes públicos. Para o seu desenvolvemento, a lei establece no artigo 8 que a Xunta de Galicia elaborará programas, proxectos e servizos orientados, entre outros obxectivos, á protección e integración social dos membros das familias máis vulnerables, a promoción da autonomía familiar e a integración social das familias que presenten dificultades especiais ou estean en risco de exclusión social. Así mesmo, no artigo 41 atribúe á Xunta de Galicia a competencia para autorizar, habilitar, inspeccionar e controlar as entidades, centros e programas que presten servizos de atención á infancia e á adolescencia.

Pola súa banda, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, estrutura e planifica o sistema galego de servizos sociais, define no artigo 18 o catálogo de servizos sociais dun xeito xenérico como o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, e habilita a Administración autonómica para o seu desenvolvemento, por instancia do departamento competente en materia de servizos sociais. En consecuencia, como parte do proceso de desenvolvemento do dito catálogo de servizos sociais, é preciso configurar unha Carteira que defina os servizos sociais de familia, infancia e adolescencia centrándose na especialización por colectivos a fin de acadar unha atención máis centrada nas necesidades específicas de cada un deles. Por tanto, esta norma constitúe un desenvolvemento



pormenorizado da relación xenérica de intervencións, programas, servizos e prestacións para a atención social da familia, da infancia e da adolescencia que integra o catálogo regulado no artigo 18 da Lei 13/2008.

Así mesmo, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia recolle as garantías e requisitos que rexerán, a prestación de servizos.

A Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade do mercado, traspón a normativa europea e impulsa un marco regulatorio eficiente para as actividades económicas que simplifique a lexislación existente, eliminando as regulacións innecesarias e establecendo procedementos máis áxiles que, pola súa vez, minimicen as cargas administrativas.

De acordo co anterior, o artigo 68 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, foi interpretado pola Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo que o réxime de autorización fixado no dito artigo 68.1 debe interpretarse de acordo coas previsións da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de forma que a autorización do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de autorización de servizos sociais para o inicio de actividades, modificación substancial e cesamento de actividades, aí recollida, só será exigible en relación cos servizos sociais que comporten prestacións ligadas á saúde pública. En consecuencia, suprímese, con carácter xeral, a necesidade de autorización administrativa previa para o desenvolvemento dos servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, e substitúese por unha declaración responsable, por tratarse de servizos que precisan cumprir determinados requisitos materiais e de persoal que se xustifican en razóns imperiosas de interese xeral de orde pública e necesaria protección dos dereitos das persoas destinatarias.

Exceptúanse desta norma xeral e mantense o réxime de autorización administrativa para o servizo de atención socioeducativa para nenos e nenas de 0-3 anos, de conformidade coas leis orgánicas reguladoras da materia educativa, e todos aqueles servizos entre cuxas prestacións se inclúa a atención á saúde, en virtude do disposto na lexislación de garantía de unidade de mercado e de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, cómpre obter a oportuna autorización administrativa con carácter previo ao desenvolvemento da actividade por parte das entidades que vaian prestar servizos que supoñen o exercicio privado de funcións públicas relativas ao acollemento residencial de menores en risco ou desamparo ou a aplicación de medidas xudiciais a menores de idade penal.

Por último, consérvase a habilitación administrativa das entidades colaboradoras para interviren en funcións de mediación en adopción internacional, por tratarse dunha exigencia prevista no Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.

Na constante busca da mellora e optimización dos recursos que debe presidir a actuación dos poderes públicos galegos, a Xunta de Galicia considera necesario superar o modelo de atención



baseado en programas e equipamentos, e adoptar un modelo baseado nas necesidades das persoas a que se dirixe e nos servizos que se lle deben prestar. A este último modelo responde a presente Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

A definición dos distintos servizos en función das necesidades das persoas a que van dirixidos permite un maior nivel de personalización da atención, incrementa a súa adecuación ás necesidades específicas das familias, nenos e nenas e adolescentes e optimiza o emprego dos recursos públicos.

A Carteira de servizos é froito dun proceso en que participaron os principais axentes sociais e profesionais de atención ás familias, nenos e nenas e adolescentes, o que permitiu o coñecemento e estudo en profundidade da actual oferta de servizos e a identificación de novas necesidades.

A Carteira estrutúrase en dúas grandes áreas, unha de servizos xerais, que recolle os destinados a familias, nenos, nenas e adolescentes que non presenten necesidades singulares, e unha de servizos específicos, que recolle os destinados a atender necesidades particulares de persoas ou familias.

De acordo coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, a Carteira recolle para cada servizo, a súa denominación e modalidade de prestación e a tipoloxía, diferenciando se se trata dun servizo de carácter esencial ou normalizador, o ámbito de prestación, a definición e os obxectivos, as persoas beneficiarias, a forma de acceso, as prestacións que incorpora, a posibilidade da participación no sostemento do servizo das persoas beneficiarias ou dos pais, nais ou persoas titoras ou gardadoras destas, e a posibilidade de oferta privada do servizo.

Este decreto estrutúrase en seis artigos, unha disposición derogatoria, tres derradeiras e un anexo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Política Social, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente norma a definición da Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

Artigo 2. Contido da Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia

1. A Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia constitúe o instrumento mediante o cal se relacionan as modalidades e prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado polo artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, destinados a posibilitar e fomentar a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento integral, tanto da familia como grupo como de cada un dos seus



membros e, en especial, dos nenos, nenas e adolescentes, ofrecendo alternativas e recursos económicos, socioeducativos e de protección en función dos seus dereitos e da valoración obxectiva das súas necesidades.

2. As prestacións e modalidades que constitúen o contido dos servizos que forman parte da Carteira son os que se enumeran no anexo.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Este decreto será de aplicación a todas as entidades públicas ou privadas recoñecidas polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma para a prestación dos servizos sociais á familia, infancia e adolescencia, así como ás persoas beneficiarias.

Artigo 4. Definicións

Para os efectos deste decreto considerárase:

a) Servizo esencial: aquel exixible como dereito e garantido para as persoas que cumpran as condicións establecidas de acordo coa valoración técnica da súa situación, de conformidade co previsto no capítulo II do título I da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

b) Servizo normalizador: aquel que estará incluído na oferta habitual, en función das dispoñibilidades orzamentarias e en réxime de concorrencia.

c) Servizos comunitarios específicos: os dirixidos a colectivos con problemáticas identificadas e singulares que teñen por finalidade a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado, de acordo co previsto no capítulo I do título I da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

d) Servizos sociais especializados: os referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención ou unha base territorial de intervención de carácter supramunicipal, de acordo co previsto no capítulo I do título I da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

e) Persoas beneficiarias: aquelas en cuxo interese directo se presta o servizo.

f) Prestación de oferta obrigatoria: aquela que a Administración debe ofrecer no marco dun determinado servizo.

g) Prestación de oferta opcional: aquela que a Administración non ten a obriga de ofrecer no marco dun determinado servizo.

h) Prestación de intensidade única: a que se realiza nunha soa ocasión.



- i) Prestación á demanda: a que se realiza tantas veces como sexa solicitada pola persoa usuaria.
- j) Prestación diaria: a que se realiza todos os días cunha programación horaria predeterminada.
- k) Prestación periódica: a que se realiza cunha programación predeterminada maior que diaria.
- l) Prestación continua: a que se leva a cabo frecuentemente durante un período de tempo prolongado sen programación predeterminada.

Artigo 5. Estrutura da Carteira

A Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia estrutúrase en dúas áreas: área de servizos xerais e área de servizos específicos.

Forman parte da área de servizos xerais os servizos destinados a familias, nenos e nenas e adolescentes que non presenten necesidades específicas.

Forman parte da área de servizos específicos os destinados a familias ou aos membros que as integren que presenten necesidades específicas tanto pola súa composición como pola súa situación persoal, social e económica.

Inclúense na área de servizos específicos os seguintes:

- a) Servizos para familias de especial consideración.
- b) Servizos para familias en que se viven situacións de violencia de xénero.
- c) Servizos para familias adoptantes.
- d) Servizos para persoas menores en risco ou desamparo.
- e) Servizos para persoas menores infractoras.

Artigo 6. Réxime de autorización e acreditación de servizos

1. De conformidade co previsto na lexislación de garantía de unidade de mercado e de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, por razóns imperiosas de interese xeral de orde pública e necesaria protección dos dereitos das persoas destinatarias, todos os servizos que forman parte da Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia estarán suxeitos ao réxime de declaración responsable.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior, de acordo co previsto na lexislación de garantía de unidade de mercado e na lexislación de servizos sociais da Comunidade



Autónoma de Galicia, así como na restante lexislación que lle resulta de aplicación, o servizo de atención socioeducativa para nenos e nenas de 0-3 anos, o servizo de acollemento residencial de menores en risco ou desamparo, o servizo de atención residencial de persoas menores infractoras e as entidades colaboradoras de adopción internacional e todos aqueles entre cuxas prestacións se inclúa a atención á saúde.

2. Aplicarase aos servizos que forman parte da Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia o réxime de rexistro e inspección establecido na normativa reguladora desta materia.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto no presente decreto.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia

1. Modifícase o artigo 97.8 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia que queda redactado como segue «Que conte con equipos intradisciplinarios formados como mínimo por unha persoa licenciada en dereito, un psicólogo ou psicóloga e un traballador ou traballadora social, competentes profesionalmente e con experiencia no ámbito da infancia, adolescencia e familia, así como coñecementos das cuestións relativas á adopción internacional».

2. Modifícase o artigo 97.11 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, que queda redactado como segue «Que actúe a través de establecementos radicados en Galicia e representación no país estranxeiro para o cal solicita a habilitación».

3. Suprímese a letra b) do artigo 107 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro.

Disposición derradeira segunda. Habilitación competencial

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de familia, infancia e adolescencia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente norma e o seu anexo no relativo á organización en materias propias dos seus departamentos.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor



O presente decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e nove de outubro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

José Manuel Rey Varela

Conselleiro de Política Social

ANEXO

Carteira de servizos

1. Área de servizos xerais para a familia, infancia e adolescencia.

1.1. Servizo de apoio económico a familias con fillos/as menores de 3 anos.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: prestación económica destinada a paliar, na medida do posible, os gastos derivados dos primeiros anos de crianza dun/dunha fillo/a.

IV) Persoas beneficiarias:

Persoas que teñan fillos/as menores de tres anos na data do 1 de xaneiro da anualidade en que se realice a convocatoria da axuda e que cumpran os demais requisitos previstos nela.

Persoas que teñen fillos/as adoptados/as, acollidos/as durante os tres anos posteriores á data de inscrición da adopción ou do acollemento no Rexistro Civil ou, cando esta non sexa necesaria, a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

V) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s.

VI) Prestacións que incorpora:

Valoración.

Oferta: obrigatoria.



• Intensidade: única.

quot; Perfil profesional: profesional da consellería competente na materia.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: non.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.2. Servizo de atención socioeducativa para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

I) Tipoloxía: esencial.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios específicos ou servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais de carácter socioeducativo e diúrno, en cumprimento do establecido na normativa vixente, que ten por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral de nenos e nenas realizando, a un tempo, un labor de apoio á función educativa da familia, á vez que facilita a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A prestación deste servizo poderase artellar de dúas formas: directa ou financiamento de servizos prestados por terceiros.

IV) Persoas beneficiarias: nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos de idade, agás excepcións establecidas pola normativa vixente.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Atención didáctico-educativa: programación e execución de actividades educativas.

• Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional:

Persoal de atención: mestre/a educación infantil, técnico/a superior en educación infantil ou equivalente.

Persoal de apoio: outros/as profesionais da área de atención socioeducativa.

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.



quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional:

Persoal de atención: mestre/a educación infantil, técnico/a superior en educación infantil ou equivalente.

Persoal de apoio: outros/as profesionais da área de atención socioeducativa.

Atención á saúde: supervisión, administración farmacolóxica.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional:

- Persoal de atención: mestre/a educación infantil, técnico/a superior en educación infantil ou equivalente.

- Persoal de apoio: outros/as profesionais da área de atención socioeducativa.

Cociña: elaboración de menús.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: persoal de cociña: cociñeiro/a, axudante de cociña.

Transporte.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.

Lavandaría.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.



Limpeza e mantemento.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.3. Servizo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

1.3.1. Modalidade de atención asistencial en centro.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios específicos.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais destinadas á atención, en centro, de nenos e nenas de 3 meses a 12 anos de idade. A finalidade do servizo é procurar, de xeito flexible, esporádico e coas axeitadas garantías de seguridade e calidade, unha adecuada atención asistencial a nenos e nenas, a un tempo que se facilita a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que integran o núcleo familiar dos/das nenos/as usuarios/as deste.

O servizo poderá ser prestado en modalidade continuada ou non continuada e diúrna e/ ou nocturna.

IV) Persoas beneficiarias:

Nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 12 anos.

Pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.



Atención á saúde: supervisión, administración farmacolóxica.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Apoio educativo.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Animación planificada do lecer e do tempo libre.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.3.2. Modalidade atención asistencial no domicilio da persoa coidadora.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios específicos.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais de carácter asistencial que ten por obxecto a atención e coidado de nenos e nenas entre 0 e 3 anos no domicilio das persoas que realizan as funcións de atención e coidado.

A finalidade do servizo é procurar, en pequenos grupos, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, unha axeitada atención asistencial a nenos e nenas, ao tempo que se facilita a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que integran o núcleo familiar destes/as.

O servizo poderá ser prestado en modalidade diúrna e/ou nocturna. A modalidade nocturna ten como finalidade atender aquelas necesidades e circunstancias de carácter familiar que poidan xurdir de xeito extraordinario e/ou esporádico.



IV) Persoas beneficiarias:

Nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos de idade.

Pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

Atención á saúde: supervisión, administración farmacolóxica.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

Animación planificada do lecer e tempo libre.

quot; Oferta:

- Modalidade diúrna: obrigatoria.

- Modalidade nocturna: non aplicable.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.3.3. Modalidade atención á infancia a domicilio.



I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios específicos.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais de carácter asistencial que ten por obxecto a atención e coidado de nenos e nenas menores de 12 anos de idade no seu domicilio de residencia.

A finalidade do servizo é atender aquelas necesidades e circunstancias de carácter familiar que, de xeito estrutural ou extraordinario, poidan xurdir e non poidan ser cubertas a través de ningún outro servizo de atención e coidado á infancia.

O servizo poderá ser prestado en modalidade diúrna e/ou nocturna.

IV) Persoas beneficiarias:

Nenos e nenas menores de 12 anos de idade.

Pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

Atención á saúde: supervisión, administración farmacolóxica.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

Apoio educativo.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.



quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

Acompañamento fóra do domicilio.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

Acompañamento no lecer.

quot; Oferta:

- Modalidade diúrna: obrigatoria.

- Modalidade nocturna: opcional.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil e/ou experiencia profesional neste ámbito.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.3.4. Modalidade atención de carácter lúdico á infancia.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios específicos.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais de carácter diúrno que ten por obxecto a atención en equipamentos sociais de nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos de idade.

A finalidade do servizo é potenciar o xurdimento dunha actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do neno/a, así como posibilitar o acceso ao mundo da actividade lúdica daqueles sectores cun contorno sociocultural menos favorecido, a un tempo que se fomenta a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas responsables da atención e coidado dos nenos e nenas.

IV) Persoas beneficiarias:



Nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos de idade.

Pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Atención á saúde: supervisión, administración farmacolóxica.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Planificación e intervención lúdico-educativa.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.3.5. Modalidade de comedor.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios específicos.

III) Definición e obxectivos: servizo prestado en establecemento asistencial e/ou educativo consistente na alimentación, atención e coidado de nenos/as entre os 0 e os 12 anos de idade.



O servizo ten como finalidade apoiar pais/nais, titores/as e gardadores/as, cando concorran circunstancias vinculadas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral que o fagan necesario.

IV) Persoas beneficiarias:

Nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 12 anos de idade.

Pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: formación na área de coidado e atención infantil ou experiencia profesional nestas áreas.

Cociña.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: persoal de cociña (cociñeiro/a, axudante de cociña).

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.4. Servizo de formación e orientación a familias con nenos e nenas ao seu cargo.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais de apoio ás familias, destinadas a dotar os pais e as nais das competencias emocionais, educativas e parentais necesarias para o exercicio dunha parentalidade positiva.

A finalidade do servizo é:



quot; Concienciar os pais e as nais da importancia do seu papel como primeiros e fundamentais educadores dos seus fillos e das súas fillas.

quot; Formar as familias sobre as etapas evolutivas dos nenos e das nenas, as diferentes maneiras de interacción e as actividades máis axeitadas segundo o seu nivel evolutivo.

quot; Orientar as familias na adquisición de pautas de crianza positivas.

quot; Proporcionar espazos para que os pais e as nais sexan capaces de compartir e de confrontar a súa práctica educativa con outras familias.

quot; Ensinar as familias a descubrir, valorar e aproveitar os recursos existentes no seu propio contorno como elementos educativos.

quot; Proporcionar un apoio especializado a pais e nais para desenvolveren adecuadamente as súas responsabilidades familiares.

IV) Persoas beneficiarias: pais, nais, persoas titoras ou gardadoras con nenos e nenas ao seu cargo.

V) Forma de acceso: solicitude da persoa ou persoas interesadas.

VI) Prestacións que incorpora:

Formación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: periódica.

quot; Perfil profesional: profesionais do ámbito da educación infantil e psicosocial.

Orientación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: profesionais do ámbito da educación infantil e psicosocial.

Asesoramento.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: profesionais do ámbito da educación infantil e psicosocial.



Apoio familiar.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: profesionais do ámbito da educación infantil e psicosocial.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.5. Servizo de educación e apoio familiar.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais comunitarios.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais destinadas a familias en situación de risco, con fillos ou fillas menores ao seu cargo.

A finalidade do servizo é:

quot; Prestar apoio individual ás familias de acordo cos problemas detectados e coordinarse co sistema educativo, sanitario e social, segundo o caso.

quot; Proporcionar ás familias mecanismos de apoio suficientes para o cumprimento das súas responsabilidades relativas á crianza dos seus fillos e fillas.

quot; Colaborar coas familias na adquisición de estratexias persoais, emocionais e educativas que lles permitan implicarse dun xeito eficaz na construción dunha dinámica de convivencia familiar positiva.

quot; Apoiar e acompañar as familias na resolución de problemas.

quot; Orientar as familias para a autorregulación do comportamento dos seus fillos e das súas fillas.

quot; Prestar apoio e acompañamento profesional a pais/nais e fillos/as no proceso de recondución de situacións de conflito.

quot; Previr as situacións de risco e de intervención dos servizos especializados de menores.

IV) Persoas beneficiarias: familias con fillos e fillas menores ao seu cargo, en situación de risco.

V) Forma de acceso:



Derivación do persoal técnico competente en materia de servizos sociais.

Solicitude da persoa ou persoas interesadas.

VI) Prestacións que incorpora:

Orientación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Intervención profesional personalizada.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Acompañamento e seguimento nas distintas etapas do ciclo vital.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

VII) Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

VIII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

IX) Posibilidade de oferta privada: si, agás a intervención profesional personalizada.

1.6. Servizo de atención e dinamización planificada do lecer e do tempo libre infantil e xuvenil.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados ou servizos sociais comunitarios específicos.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais de carácter lúdico, cultural, deportivo e/ou formativo destinadas a achegar a nenas/os e mozas/os a posibilidade de gozaren, durante os períodos de lecer e tempo libre, dunha programación de actividades de calidade que fomenten o seu enriquecemento persoal e vital, a un tempo que facilitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que integran o seu núcleo familiar.



IV) Persoas beneficiarias: nenos e nenas e mozos e mozas.

V) Forma de acceso: solicitude dos/as pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras.

VI) Prestacións que incorpora:

Animación planificada do lecer e o tempo libre.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Atención persoal: atención ás necesidades básicas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Atención á saúde: supervisión, administración farmacolóxica.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área socioeducativa.

Aloxamento.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: non aplicable.

Mantenza.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.

Limpeza e mantemento.



quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.

Lavandaría.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.

Transporte.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: periódica.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.7. Servizo residencial para o lecer e o tempo libre familiar.

I) Tipoloxía: normalizador.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: servizo de carácter material consistente na posta á disposición dun aloxamento residencial destinado a facilitar ás familias o goce dun período de lecer vacacional.

A finalidade do servizo é que as familias poidan gozar dun período de lecer en que se favoreza a súa comunicación e participación social e familiar.

IV) Persoas beneficiarias: persoas maiores de idade, ou menores acompañadas dos/as seus /súas proxenitores/as ou persoas titoras ou gardadoras, que teñan a súa residencia en territorio do Estado español ou galegos e galegas residentes no exterior.

V) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s.

VI) Prestacións que incorpora:

Aloxamento.



quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: non aplicable.

Mantenza.

quot; Oferta:

- Residentes: obrigatoria.

- Non residentes: opcional.

quot; Intensidade:

- Residentes: diaria.

- Non residentes: á demanda.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais e persoal de cociña.

Limpeza e mantemento.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais e persoal de cociña.

Lavandaría.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: diaria.

quot; Perfil profesional: profesionais da área de servizos xerais e persoal de cociña.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.8. Servizo de orientación, mediación e intervención familiar.

1.8.1. Modalidade apoio e orientación familiar.



I) Tipoloxía: esencial.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais no apoio e na promoción da calidade de vida das persoas e das familias, e na atención e prevención das diferentes situacións problemáticas ou de risco que, pola súa natureza, poidan estar asociadas a procesos de desintegración familiar.

A finalidade do servizo é o fortalecemento, o enriquecemento e a mellora da calidade de vida das persoas no seo familiar e da familia como grupo.

IV) Persoas beneficiarias: todas aquelas persoas que consideren que na súa familia existe algún conflito de parella entre pais e nais e fillos e fillas ou coa familia extensa.

V) Forma de acceso:

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais.

Solicitude da/s persoa/s interesada/s.

VI) Prestacións que incorpora:

Valoración inicial.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: única.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Información e orientación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Asesoramento xurídico-legal.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: profesionais da área xurídica do equipo.



Mediación e negociación familiar.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Atención psicosocial: apoio e orientación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: profesionais da área psicosocial do equipo.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: non.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.8.2. Modalidade mediación familiar.

I) Tipoloxía: esencial.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións técnico-profesionais no ámbito familiar de carácter voluntario dirixido a facilitar a comunicación entre os membros da familia, co fin de que xestionen por si mesmos unha solución para os conflitos que os afecten coa intervención dunha persoa mediadora, que actuará de forma neutral, imparcial e confidencial.

O servizo está destinado ao asesoramento, orientación e procura dun acordo mutuo ou aproximación das posicións das partes en conflito.

IV) Persoas beneficiarias: persoas membros de núcleos familiares en conflito que acepten a intervención dunha terceira persoa mediadora que lles ofrezca apoio para atopar solucións pactadas.

V) Forma de acceso:

Derivación por parte da autoridade xudicial.

Solicitudade da/s persoa/s interesada/s.

VI) Prestacións que incorpora:

Información.



quot; Oferta:

- Intraxudicial: obrigatoria.

- Extraxudicial: opcional.

quot; Intensidade: única.

quot; Perfil profesional: profesionais da área psicosocial.

Mediación familiar.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: profesionais da área psicosocial.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.8.3. Modalidade apoio ao encontro familiar.

I) Tipoloxía: esencial.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: conxunto de intervencións de carácter técnico profesional no ámbito familiar destinado a facilitar e preservar a relación entre as persoas menores e as persoas membros das súas familias en situación de crise; procura a seguridade e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, favorece a relación coas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Trátase dun servizo especializado e temporal, prestado en equipamentos sociais de carácter neutral, para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer as relacións entre as persoas menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou outros suposto de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

IV) Persoas beneficiarias:



Membros das familias en que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas, así como as persoas integrantes de familias en que existan situacións de violencia que supoñan un risco para calquera dos membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

Persoas que teñan un dereito de visita dunha ou dun menor con domicilio en Galicia, ou ben un dereito de visita que se deba desenvolver en Galicia.

V) Forma de acceso: derivación do órgano da consellería competente na materia.

VI) Prestacións que incorpora:

Valoración inicial.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: única.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Entregas e recollidas das persoas menores.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Visitas tuteladas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Visitas supervisadas.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Intervención psicoeducativa.

quot; Oferta: opcional.



quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Orientación e apoio familiar.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Negociación e mediación familiar.

quot; Oferta: opcional.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

Seguimento e avaliación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: continua.

quot; Perfil profesional: equipo intradisciplinar de profesionais da área psicosocial.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: si.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

1.9. Servizo de atención telemática de axuda á infancia.

I) Tipoloxía: esencial.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

III) Definición e obxectivos: servizo telemático de atención permanente destinado a achegar a nenos, nenas e adolescentes:

quot; A oportunidade de que poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que os/as afecten directamente e avisar alguén que poida proporcionarlles axuda.

quot; Axuda a aqueles/as necesitados/as de coidados e protección, a quen se facilitarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades.



Este servizo ten por obxectivos:

quot; Poñer á disposición da infancia e da adolescencia un recurso en que poidan obter información e orientación sobre problemáticas que as afecten, nomeadamente aquelas relacionadas coas situacións de desprotección. Así mesmo, este servizo proporciona apoio psicosocial en situacións problemáticas.

quot; Servir de canle para a notificación de casos de risco, desatención ou desprotección de menores, para a súa posterior derivación aos equipos técnicos competentes.

Trátase dun servizo de carácter confidencial que garante o anonimato da persoa que así o solicita.

IV) Persoas beneficiarias:

Nenos, nenas e adolescentes.

Calquera outra persoa que teña coñecemento de posibles situacións de desprotección de persoas menores e que desexe informar sobre estes casos ou precise asesoramento sobre o procedemento de actuación nestas circunstancias.

V) Forma de acceso: non aplicable.

VI) Prestacións que incorpora:

Información.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: profesionais da área psicosocial.

Orientación e asesoramento.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.

quot; Perfil profesional: profesionais da área psicosocial.

Notificación/derivación.

quot; Oferta: obrigatoria.

quot; Intensidade: á demanda.



quot; Perfil profesional: profesionais da área psicosocial.

VII) Posibilidade de participación das persoas beneficiarias ou pais/nais ou persoas titoras ou gardadoras destas no sostemento do servizo: non.

VIII) Posibilidade de oferta privada: si.

2. Área de servizos específicos para a familia, infancia e adolescencia.

2.1. Servizos para familias de especial consideración.

2.1.1. Servizo de apoio a familias numerosas.

I) Tipoloxía: esencial.

II) Ámbito de prestación: servizos sociais especializados.

